

INFORMACIÓN PARA ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR QUE DESEXEN ACCEDER A ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE GRAO

- Desde calquera Ciclo Formativo de Grao Superior poderás acceder **directamente (sen necesidade de proba)** a estudos universitarios de grao, así como solicitar as **VALIDACIÓNS** que correspondan.
- A **NOTA DE ACCESO** á Universidade será a **NOTA MEDIA DO CICLO** (de 1º e 2º curso, incluído módulo de Proxecto).
- Que o ciclo formativo cursado estea adscrito á mesma **RAMA DE COÑECEMENTO** do grao universitario que desexas cursar poderáse ter en conta na admisión.(Consulta a **rama de coñecemento** do teu ciclo)
- Se o título de grao universitario que desexas cursar ten moita demanda (se hai máis solicitudes que prazas, límtase o acceso a aparece a **NOTA DE CORTE que pode ser alta**) podes presentarte á **FASE VOLUNTARIA DAS ABAU** para subir a nota media do ciclo.
- As notas de admisión á Universidade son sobre 14 (non sobre 10).Exemplo: se unha persoa ten unha media de 9 no ciclo superior de “Laboratorio clínico e biomédico” e desexa acceder ao grao de “Enfermaría”(cuxa nota de corte no curso 23/24 foi de 10,722 no campus de Lugo, pertencente á USC) deberá presentarse á fase voluntaria das ABAU para subir esa media de 9. Para iso deberá ir á fase voluntaria das ABAU e examinarse dun máximo de 4 materias (mínimo 1) das de 2º BAC que

ponderan na admisión a ese título de “Grao de Enfermaría” (VER **TÁBOA DE PONDERACIÓNS** DE CADA CURSO: Bioloxía; Matemáticas II; Química ponderan 0,2 e Física pondera 0,1).

- Para presentarte á fase voluntaria das ABAU deberás consultar as datas de matrícula e solicitar no teu centro o traspaso do teu expediente de XADE a NERTA. Posteriormente formalizar a matrícula nas ABAU nos prazos indicados a través da aplicación NERTA (<https://www.edu.xunta.es/nerta>)
- As notas desta fase voluntaria teñen **VALIDEZ OS DOUS CURSOS ACADÉMICOS SEGUINTE**s á superación das mesmas e sumáanse á nota media do ciclo.
- Se a nota media do ciclo é suficiente para o acceso ao grao universitario, só haberá que estar pendente de facer a **SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN** nos prazos fixados por cada Universidade. Pode solicitarse admisión en máis dunha Universidade.
- No caso de ter relación o ciclo superior cursado co grao universitario, é posible ter **RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS UNIVERSITARIOS** (Consultar catálogo de validacións).

Lembra que a normativa sempre prevalece sobre calquera información. Esta páxina contén información extraída da actual normativa polo **Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP POLITÉCNICO DE LUGO**. Calquer dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vivente.